

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

ACORDO do 13 de maio de 2024, da Dirección Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental (EIA) do proxecto do parque eólico Coriscada (renovación tecnolóxica), nos concellos de Mañón e Ortigueira (A Coruña) (expediente IN408A 2023/064).

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a continuación:

Solicitante/promotora: Sistemas Energéticos Mañón Ortigueira, S.A. (CIF A-15592439).

Enderezo social: avenida Fernando Casas Novoa, 35, portal B, planta 2, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

Denominación do proxecto: parque eólico Coriscada (renovación tecnolóxica), (expediente IN408A 2023/064).

Concellos afectados: Mañón e Ortigueira (A Coruña).

Potencia que se instalará: 26,40 MW (4 aeroxeradores de 6,6 MW).

Capacidade de acceso: 24 MW.

Produción neta anual: 92.350 MWh/ano.

Horas netas anuais equivalentes a potencia nominal: 3.498 horas.



Prazo de execución: doce (12) meses.

Orzamento total (execución material): 27.974.364,59 €.

Localización (área de afección):

Parque eólico Coriscada	
ADE	Coriscada-Monte Rande

Localización (área de afección):

Vértice poligonal	Parque eólico Coriscada	
	ETRS89 H29	
	UTM-X	UTM-Y
1	601.657,22	4.834.454,20
2	600.896,83	4.834.453,80
3	600.995,42	4.835.616,46
4	601.026,48	4.836.550,48
5	601.402,28	4.837.080,06
6	601.822,60	4.837.363,86
7	601.865,18	4.838.457,30
8	602.015,74	4.839.665,28
9	602.539,70	4.840.430,67
10	602.862,85	4.841.045,60
11	603.317,03	4.840.893,18
12	602.928,43	4.839.795,11
13	602.611,96	4.838.969,95
14	602.613,87	4.837.827,61
15	602.222,56	4.836.845,85
16	602.022,05	4.836.528,86
17	602.034,34	4.835.998,39
18	601.750,94	4.835.413,45
19	602.087,91	4.835.153,76
20	602.156,84	4.834.934,18
21	601.324,02	4.833.301,67
22	601.139,00	4.833.301,67



Aeroxerador	Parque eólico Coriscada (Mañón e Ortigueira)	
	ETRS89 H29	
	UTM-X	UTM-Y
CO-01	601.457,05	4.835.100,81
CO-02	601.518,99	4.836.179,16
CO-03	601.867,00	4.836.873,00
CO-04	602.311,09	4.838.722,18
Torre de medición		
	602.220,00	4.838.355,00

Subestación	Parque eólico Coriscada (Mañón e Ortigueira)	
	ETRS89 H29	
	UTM-X	UTM-Y
1	601.968,68	4.837.397,04
2	602.012,91	4.837.400,38
3	601.970,80	4.837.368,72
4	602.014,98	4.837.372,08

Obxecto da actuación:

Trátase dunha modificación substancial do parque eólico en funcionamento Coriscada, cuxa vida útil está a chegar ao seu fin, que consiste basicamente en substituír os 40 aeroxeradores actuais de 0,6 MW por catro de 6,6 MW, limitando a potencia máxima xerada a 24 MW sen modificar a infraestrutura eléctrica de evacuación existente.

Características técnicas das instalacións:

- 4 aeroxeradores Siemens Gamesa modelo SG 6.6-170 ou similar, de potencia unitaria de 6,6 MW, con rotor tripá de 170 m de diámetro, altura ata a buxa de 115 m, con velocidade e paso variable e sistema de orientación activo.
- 4 centros de transformación situados no interior do aeroxerador, de potencia unitaria de 7,3 MVA e relación de transformación de 0,690/20 kV, coas correspondentes celas de seccionamento, manobra e protección.



- Unha torre meteorolóxica de medición de tipo celosía de aceiro autoportante de 117 m de altura.

- Rede subterránea de media tensión a 20 kV e liña de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación transformadora existente, composta por 3 circuitos con condutores tipo RH5Z1, de 18/30 kV, de diferentes seccións.

- Rede de terra, común para todo o parque eólico, con condutor espido de Cu 50 mm², formando un circuito equipotencial de posta á terra.

- Rede de comunicacións, constituída por condutor de fibra óptica que interconectará os aeroxeradores e a torre meteorolóxica co centro de control situado na subestación.

O acceso ao parque eólico realizarase a través da estrada DP-4402 no p.q. 8+395.

As vías interiores para o acceso aos aeroxeradores, á torre de medición e á subestación aproveitarán ao máximo a rede de camiños existentes. As gabias subterráneas en que se dispoñerá o tendido das liñas discorrerán en paralelo ao bordo das vías do parque ou de camiños existentes, sempre que sexa posible.

A enerxía procedente do parque eólico recollerase na subestación transformadora existente de Coriscada, situada en Montecalvelo (Ortigueira). Trátase dunha subestación 20/132 kV en parque de intemperie con aparelaxe convencional illada ao aire e con celas compactas no interior do edificio de control, conectada mediante unha liña de alta tensión aérea, 132 kV, coa subestación de Magazos (Viveiro).

Obxecto da información pública:

A solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental (EIA) das instalacións.

Documentación que se expón:

1. Proxecto de execución do parque eólico Coriscada (renovación tecnolóxica) (febreiro 2024, visado 9.2.2024).

- 1.1. Plano xeral do proxecto do parque eólico.

2. Estudo de impacto ambiental (EIA) do parque eólico Coriscada (renovación tecnolóxica) (asinado 7.2.2024).



Polo exposto, o proxecto faise público, para o coñecemento xeral, para que poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada e, de ser o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días, que se contará a partir do día seguinte ao da última publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

A documentación estará á disposición dos interesados nas dependencias da Sección de Enerxía da Dirección Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria (rúa Vicente Ferrer, nº 2, 2º andar, 15071 A Coruña, teléfonos 981 18 49 83 e 981 18 49 82), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, así como nos concellos de Mañón e Ortigueira (A Coruña). Ademais, tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía e Industria a través da seguinte ligazón:

<https://cei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

A Coruña, 13 de maio de 2024

Isidoro Martínez Arca
Director territorial da Coruña

